

MPN/mag

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE COOPERACIÓN MUNICIPAL, COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA E COHESIÓN SOCIAL DO DÍA 22/07/2022**

ASISTENTES

PRESIDENTE:	D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
SUPLENTE	D <sup>a</sup> . Olga María García Ballesteros
VOGAIS:	D <sup>a</sup> . Ana María Mejías Sacaluga D. Gorka Gómez Díaz D <sup>a</sup> . Raquel Giráldez Armas D. Manuel González Martínez D. Gregorio Agís Gómez D <sup>a</sup> . Iria Lamas Salgueiro D. José Carlos López Campos D. Jorge Cubela López D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso D <sup>a</sup> . María Paz Lago Martínez D. Ignacio Maril Pardo D. José Alfonso Marnotes González D. Javier Tourís Romero D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo D <sup>a</sup> . María Ortega Iñarrea, en substitución de D. Uxío Benítez Fernández

Sendo as doce horas e cinco minutos do día vinte e dous de xullo do ano dous mil vinte e dous, reúnen no Pazo Provincial os Sres./as. Deputados/as arriba relacionados, en sesión ordinaria, e baixo a Presidencia de D. Santos Héctor Rodríguez Díaz. Actúa como secretaria a xefa do Servizo de Cooperación, D<sup>a</sup>. Marina Piñeiro Novo.

Aberta a sesión polo Presidente, pásase ó estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, sobre os que recaeron os seguintes ditames:



## **1.- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR**

Apróbase a acta da sesión anterior correspondente á sesión ordinaria celebrada o dezasete de xuño do ano dous mil vinte e dous co voto favorable de todos os membros da Comisión.

## **2.- DITAMINAR A APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE TUI PARA REALIZAR A MELLORA DA SENDA FLUVIAL ENTRE O LAVADOIRO DA MARIÑA E A PRAIA DA METRALLA NO CONCELLO DE TUI (expediente 2022044722)**

De conformidade co establecido nos artigos 123 a 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, sométese ó Ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social a seguinte proposta de acordo con carácter previo á súa elevación ante o órgano competente para a súa aprobación:

**“ASUNTO: Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o concello de Tui para realizar a mellora da senda fluvial entre o lavadoiro da mariña e a praia da metralla no concello de Tui” (Expte. 2022044722)**

### **ANTECEDENTES:**

- *No exercicio das súas atribucións, e ao abeiro da normativa aplicable, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Tui desexan establecer as pautas de colaboración para levar a cabo o **“MELLORA DA SENDA FLUVIAL ENTRE O LAVADOIRO DA MARIÑA E A PRAIA DA METRALLA NO CONCELLO DE TUI”**. A dita acción englobase no marco das actuacións para o desenvolvemento territorial da área transfronteiriza do Miño, coa finalidade de mellorar o grao de integración territorial, o atractivo e a promoción desta área. Con este fin levouse a cabo un proceso de planificación estratéxica denominado Estratexia 2030 do Río Miño Transfronteirizo, que marca as liñas de actuación da cooperación transfronteiriza durante as próxima década para ser financiadas preferentemente por fondos europeos. Un dos eixos estratéxicos é o turismo sustentábel e responsable. Preténdese desenvolver un turismo baseado na preservación e promoción do patrimonio natural, concretamente do río Miño internacional. Unha das liñas é a de valorizar o anel verde de sendeiros e ciclovías do río Miño, de forma que se favoreza o desenvolvemento dunha rede de sendeiros pedestres coherente no territorio e se complete a rede de ciclovías existente.*

*Por outra banda, no territorio provincial transfronteirizo do Río Miño, o impacto socio-económico do peche de fronteiras e confinamento, derivados da declaración do estado de alarma pola pandemia COVID-19, ten sido singularmente maior que noutros espazos da zona fronteiriza ibérica, dado que, ademais, das limitacións compartidas co resto dos habitantes de ambos Estados, se sumaron as limitacións propias do fenómeno local de ser este territorio de fronteira*



*o mais transitado entre Estados, nomeadamente por locais e visitantes. Por esta razón, a Deputación de Pontevedra aposta por reforzar os programas de valorización do territorio coa finalidade de mellorar o atractivo dos visitantes e reactivar a economía. Neste senso, a rede de sendas verdes situadas na beira do río Miño constitúen o obxectivo principal desta posta en valor do territorio, de cara a conformar unha oferta de turismo de espazos naturais baseada nas mesmas.*

- *O obxectivo do convenio é realizar a mellora da senda fluvial no tramo comprendido entre o lavadoiro da Mariña e a Praia da Metralla, no concello de Tui. A intervención da mellora da senda mencionada consiste na regularización da plataforma de tránsito e a súa pavimentación con xabre, delimitando beiravías e canalizando escorrentías de pluviais.*
- *Mediante Resolución Presidencial 2021007485 de data 18/12/2021 aprobouse o Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Tui para realizar a actuación “Mellora da senda fluvial entre o Lavadoiro da Mariña e a Praia da Metralla no Concello de Tui”, que de conformidade coa súa cláusula décima “Entrada en vigor e vixencia do Convenio” establecía unha vixencia do convenio ata o 30 de marzo de 2022.*

*Con data de saída 07-01-2022 o Concello solicitou prorroga do referido Convenio, pero dado que non era posible a obtención das autorizacións sectoriais preceptivas dentro do tempo de vixencia do convenio e, por tanto, tamén era inviable a execución material das actuacións obxecto do convenio, non se tramitou a prórroga.*

- *En data 06/05/2022 o Concello de Tui, mediante rexistro de entrada nº WEB2022028944 presenta no Rexistro Xeral unha solicitude e demais documentación necesaria para a formalización dun novo convenio. Asemade achégase proxecto técnico cun orzamento total de 51.810,88 €, IVE engadido, que segundo o previsto na proposta de convenio será financiado nun 100% pola Deputación de Pontevedra, no exercicio 2022.*
- *Por outra parte, analizada a autorización emitida pola Dirección de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, onde se indica que as actuacións a realizar sitúanse no contorno de varios bens patrimoniais dentro dunha zona con potencialidade arqueolóxica, e que polo tanto, con anterioridade ao inicio das obras, é necesario a presentación dun proxecto de control arqueolóxico asinado por técnico competente, se considera necesario prever dito coste no convenio de colaboración.*

*O custe da realización do control arqueolóxico será asumido pola Deputación de Pontevedra e estímase en 3.000,00 €, tendo en conta os importes deste clase de servizos técnicos en actuacións de similares características. Este gasto será imputado á partida orzamentaria 2022/942.9431.227.06 “Traballos técnicos, proxectos transfronteirizos”*

- *Revisada polo Servizo de Cooperación, a documentación achegada cumpre os requisitos*



*esixidos pola normativa aplicable para a sinatura do convenio.*

- *Tendo en conta todo o que antecede, dada conta da proposta de Convenio, e visto o informe da Xefa de Servizo de Cooperación no relativo ó interese público dos investimentos, o informe non preceptivo da Secretaría Xeral e o informe da Intervención Provincial, no que se manifesta a existencia de crédito adecuado e suficiente nas aplicacións 22/942.9431.652.10.2021 “Investimentos transfronteirizos convenios e locais” e 2022/942.9431.227.06 “Traballos técnicos, proxectos transfronteirizos”, do orzamento provincial.*

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

### **Legislación aplicable:**

- *Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, Reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA)*
- *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC)*
- *Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP)*
- *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)*
- *Lei 19/2013, de 9 de decembro de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno.*
- *Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP)*
- *Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)*
- *Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016*
- *Bases de execución do orzamento da Deputación.*

### **Consideracións Xurídicas:**

#### **Competencia:**

- *Artigo 36.1.d) da LRBRL, que atribúe ás Deputacións competencias en materia de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito. Pola súa parte, o artigo 109 da LALGA encoméndalles en xeral as deputacións, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.*



### **Petición e evacuación de informes:**

- *Artigos 79 e 80 da LPAC sobre a petición e a evacuación de informes.*
- *Artigo 88.6 da LRXAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.*
- *Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.*
- *Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.*
- *Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para 2020, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.*
- *Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.*

### **Procedencia do convenio**

- *Artigos 47 e seguintes da LRXSP que dispoñen que os convenios de colaboración constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a cooperación en cuestións de interese común.*
- *Artigo 57 da LRBRL que dispón que a cooperación en servizos locais desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante convenios administrativos, en conexión co artigo 195.h) da LALGA.*
- *Artigos 199 da LALGA, que en consonancia co artigo 49 da LRXSP sinala as especificacións que deberán conter os instrumentos de formalización dos convenios.*
- *Artigo 6 de Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que exclúe do seu ámbito de aplicación os convenios, cun contido non comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades Locais, as entidades con personalidade xurídica pública delas dependentes e as entidades con personalidade xurídica privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adjudicador.*
- *Artigo 2 da LXS, polo que na súa virtude a achega económica da Deputación de Pontevedra ten o carácter dunha subvención; neste senso o artigo 22.2 sinala que se poderán conceder, con carácter excepcional, de forma directa subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública. No presente convenio xustifícase o interese público desta actuación en base ás competencias da Deputación en materia de cooperación no fomento do*



*desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, tendo como fins propios e específicos garantir os principios de solidariedade e equilibrio municipais, asegurando a prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal, incluíndo a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica e, en xeral, o fomento e a administración dos intereses particulares da provincia, conforme o establecido nos artigos 31 e 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril. E especificamente o artigo 36.1.d) que establece como competencia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas demais Administracións Públicas neste ámbito.*

- *Artigo 28.1 da LXS que establece que a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei.*

### **CONCLUSIÓNS**

*En base ás precedentes consideracións, ó interese público que representa esta actuación e aos principios de colaboración e cooperación que se recollen na lexislación vixente, o Concello de Tui e a Deputación de Pontevedra, conveñen a súa colaboración neste ámbito co obxecto de desenvolver un réxime de colaboración entre ambas administracións para levar a cabo a mellora da senda fluvial entre o lavadoiro da Mariña e a praia da Metralla, no Concello de Tui.*

*Neste senso os convenios de colaboración constitúen o instrumento idóneo para canalizar esta colaboración.*

*O Concello de Tui presentou a documentación necesaria para formalizar este convenio e quedan acreditadas no expediente as razóns de oportunidade, a valoración económica das actuacións a desenvolver e o propio obxecto do convenio.*

*Por todo o exposto e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, INFORMO FAVORABLEMENTE a tramitación do “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE TUI PARA REALIZAR A MELLORA DA SENDA FLUVIAL ENTRE O LAVADOIRO DA MARIÑA E A PRAIA DA METRALLA, NO CONCELLO DE TUI”.*

### **RÉXIME COMPETENCIAL:**

*De conformidade co disposto no artigo 16.4 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, en virtude do establecido na base 16ª.1 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Presidencia.*

*Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedinte co seu superior criterio decidirá.*



Á vista dos informes da xefa do Servizo de Cooperación, de Secretaría Xeral e da Intervención Provincial; sométese a ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social, a seguinte proposta de resolución:

- **APROBAR** o “**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE TUI PARA REALIZAR A MELLORA DA SENDA FLUVIAL ENTRE O LAVADOIRO DA MARIÑA E A PRAIA DA METRALLA NO CONCELLO DE TUI**”, cuxo texto literalmente transcrito di como segue:

**“ CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE TUI PARA REALIZAR A MELLORA DA SENDA FLUVIAL ENTRE O LAVADOIRO DA MARIÑA E A PRAIA DA METRALLA NO CONCELLO DE TUI**

*No Pazo Provincial, na data da sinatura electrónica*

### **INTERVEÑEN**

*Dunha parte D<sup>a</sup> María del Carmen Silva Rego, na súa condición de Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúen o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.*

*Doutra D. Enrique Cabaleiro González, na súa condición de Alcalde do Concello de Tui, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúen o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.*

*E actuando D. Carlos Cuadrado Romay, en calidade de Secretario Xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.*

*Ámbalas dúas partes recoñécense con capacidade para a formalización do presente convenio, en base ós principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas, e a estes efectos, de común acordo,*

### **EXPOÑEN**



*I.- Os convenios entre as administracións públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público; o artigo 57 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.*

*II.- O artigo 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, dispón que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo.*

*III.- Pola súa parte, o artigo 36.1.d da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atribúelle ás deputacións competencias para a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación do territorio.*

*IV.- Que a Deputación Provincial de Pontevedra (en adiante, Deputación) busca garantir o desenvolvemento, saúde e benestar do conxunto da sociedade, polo que está interesada en promover o desenvolvemento sostible de sendeiros e espazos de lecer, mediante unha xestión integrada que poña en valor os recursos naturais, históricos, culturais e etnográficos.*

*A colaboración cos concellos busca contribuír ó sostemento, promoción e difusión destes itinerarios naturais.*

*V.- Coa finalidade de mellorar o grao de integración territorial, o atractivo e a promoción da zona do río Miño Transfronteirizo, levouse a cabo un proceso de planificación estratéxica denominado Estratexia 2030 do río Miño Transfronteirizo. Este documento marcará as liñas de actuación da cooperación transfronteiriza durante a próxima década para ser financiadas preferentemente por fondos europeos.*

*VI.- Un dos eixos estratéxicos da Estratexia 2030 do Río Miño Transfronteirizo é o Turismo Sustentábel e Responsábel. Preténdese desenvolver un turismo sustentábel e responsábel baseado na preservación e promoción do patrimonio natural, concretamente do río Miño internacional. Unha das liñas é a de valorizar o anel verde de sendeiros e ciclovías do río Miño, de forma que se favoreza o desenvolvemento dunha rede de sendeiros pedestres coherente no territorio e se complete a rede de ciclovías existente.*





*VII.- Que o Concello de Tui está comprometido coa conservación do seu patrimonio natural, de xeito que permita mellorar a calidade de vida presente e futura tanto dos seus residentes como de aqueles cidadáns que escollen este concello como destino do seu ocio.*

*VIII.- No territorio provincial transfronteirizo do Río Miño, o impacto socio-económico do peche de fronteiras e confinamento, derivados da declaración do estado de alarma pola pandemia COVID-19, ten sido singularmente maior que noutros espazos da zona fronteiriza ibérica, dado que, ademais, das limitacións compartidas co resto dos habitantes de ambos Estados, se sumaron as limitacións propias do fenómeno local de ser este territorio de fronteira o mais transitado entre Estados, nomeadamente por locais e visitantes. Por esta razón, a Deputación de Pontevedra aposta por reforzar os programas de valorización do territorio coa finalidade de mellorar o atractivo dos visitantes e reactivar a economía. Neste senso, a rede de sendas verdes situadas na beira do río Miño constitúen o obxectivo principal desta posta en valor do territorio, de cara a conformar unha oferta de turismo de espazos naturais baseada nas mesmas.*

*En base a estes antecedentes, ámbalas partes acordan a subscrición do presente convenio, consonte as seguintes:*

## **CLÁUSULAS**

### **Primeira.- Obxecto.**

*O obxecto do presente convenio é articular as bases de colaboración entre a Deputación e o Concello de Tui para levar a cabo a “Mellora da Senda fluvial no tramo comprendido entre o lavadoiro da Mariña e a Praia da Metralla” no concello de Tui.*

*O obxecto da actuación é por en valor o patrimonio ambiental do Concello. A fin de non interferir con áreas naturais protexidas, especialmente as contidas na Rede Natura 2000, nas que puidera afectar a fauna e a flora silvestres; e, ademais polas altas calidades ambientais destas áreas a súas potencialidades turísticas, como norma xeral do proxecto, proponse unha actuación “branda”, compatible coa preservación dos valores ambientais.*

*A intervención da mellora da senda mencionada consiste na regularización da plataforma de tránsito e a súa pavimentación con xabre, delimitando beiravías e canalizando escorrentías de pluviais.*



**Segunda.- Importe.**

*O importe máximo ó que se refire a presente actuación ascende a CINCUENTA E CATRO MIL OITOCENTOS DEZ EUROS E OITENTA E OITO CÉNTIMOS (54.810,88 €), IVE incluído.*

**Terceira.- Financiamento.**

*Os investimentos necesarios para a realización das mencionadas obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra (100%) pola contía de 54.810,88 €.*

**Cuarta.- Compromisos da Deputación.**

- *A Deputación asumirá a realización da obra, por un importe máximo de 51.810,88 € (IVE incluído).*

*A execución da obra imputarase á partida orzamentaria 22/942.9431.652.10.2021 “Investimentos transfronteirizos convenios e locais”.*

- *Tal e como se recolle na autorización emitida pola Dirección de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, as actuacións a realizar sitúanse no contorno de varios bens patrimoniais dentro dunha zona con potencialidade arqueolóxica, polo tanto con anterioridade ao inicio das obras, é necesario a presentación dun proxecto de control arqueolóxico asinado por técnico competente.*

*O custe da realización do control arqueolóxico será asumido pola Deputación de Pontevedra e estímase en 3.000,00 €, tendo en conta os importes deste clase de servizos técnicos en actuacións de similares características.*

*Este gasto será imputado á partida orzamentaria 2022/942.9431.227.06 “Traballos técnicos, proxectos transfronteirizos”*

- *A Deputación encargarse de realizar a licitación, dirección, execución, control, e recepción das obras as que se fai referencia neste convenio, en base ó proxecto redactado polo Concello de Tui.*

*Estes gastos serán financiados pola Deputación, coa posibilidade de que sexan financiados con cargo a fondos europeos 2021-2027.*

- *A Deputación promocionará a intervención no marco das accións de comunicación.*
- *A Deputación intercambiará información co Concello de xeito que o faga partícipe das solucións técnicas escollidas no proxecto que garantan a súa viabilidade.*



**Quinta.- Compromisos do Concello.**

- *Facilitar a relación dos bens e servizos afectados, asumindo as actuacións necesarias para o correcto desenvolvemento da actuación.*
- *Prestar a colaboración necesaria para a boa execución da actuación e facilitar canta documentación que lle sexa requirida polos servizos técnicos da Deputación.*
- *Poñer a disposición da Deputación os terreos e as instalacións para poder levar a execución do proxecto relacionado coa cláusula primeira. Os documentos de posta a disposición dos terreos necesarios serán aportados polo concello.*
- *Presentar declaración responsable de non estar incurso en prohibición para obter a condición de beneficiario de subvención e de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.*
- *Comprométese a tramitar, no seu caso, ante os organismos e administracións competentes as autorizacións pertinentes que fosen precisas para a execución das actuacións.*
- *Unha vez realizada a execución material da actuación, esta será entregada e cedida indefinidamente ó Concello de Tui, que será titular do mesmo e por tanto, responsable do seu mantemento nun futuro.*

**Sexta.- Publicidade.**

*En calquera publicidade ou comunicación que realice calquera das administracións asinantes, estará obrigada a deixar expresa constancia que as actuacións contidas neste convenio son executadas pola Deputación.*

*En todo caso, as accións a desenvolver ao abeiro do convenio, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre o Concello de Tui e a Deputación.*

*En todas as intervencións, paneis informativos, carteis de obra ou calquera outra documentación de comunicación das actuacións ó abeiro deste convenio, incluírase de maneira visible o financiamento das mesmas. Caso de obter o financiamento con cargo a un programa europeo, a comunicación do proxecto deberá obrigatoriamente cumprir as normas de comunicación do programa.*

*Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración, do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de*



*Subvencións, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina Web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.*

**Sétima.- Compatibilidade con outras subvencións.**

*O contido deste convenio non será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea e/ou organismos internacionais.*

**Oitava.- Comisión de Seguimento e Control.**

*Para o seguimento e control do presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento mixta, integrada pola Presidenta da Deputación e o Alcalde do Concello de Tui, ou persoa na que deleguen, así como un representante de carácter técnico de cada administración.*

*Corresponderalle á Comisión de seguimento as seguintes funcións:*

- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio propoñendo as actuacións que se consideren precisas.*
- Propoñer a interpretación, no caso de dúbida, do seu contido.*
- Se xorden controversias na aplicación do convenio propoñerlles ás partes a súa resolución.*
- A determinación das obrigas respecto das actuacións en curso no caso de extinción por causa distinta ó cumprimento da vixencia do convenio.*
- As demais funcións que se lle atribúan neste convenio.*

*Esta comisión reunirse dentro do prazo de tres días, a contar dende a petición expresa realizada por calquera delas.*

**Novena.- Remisión de información ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.**



*As partes comprométense a remitir a documentación necesaria ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas en cumprimento do establecido no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público e na R.P. de 2 de decembro de 2016 da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se publica o acordo do Pleno de 24 de novembro de 2016, polo que se aproba a Instrución relativa á remisión telemática ao Tribunal de Contas de convenios e de relacións anuais dos celebrados polas entidades do Sector Público local, todo elo no prazo e na forma establecidos ao efecto.*

**Décima.- Entrada en Vigor e vixencia do convenio.**

*O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o remate das actuacións obxecto do convenio. A adxudicación terá lugar, en todo caso, na anualidade 2022 e fíxase un prazo de execución ata o 31 de decembro de 2022.*

*A vixencia do presente convenio poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes asinantes.*

**Undécima.- Modificacións do Convenio.**

*As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.*

**Duodécima.- Resolución.**

*Ademais do cumprimento do prazo de vixencia, serán causas de resolución, o acordo unánime dos asinantes, o incumprimento das obrigas derivadas deste convenio, por decisión xudicial declaratoria de nulidade do convenio, e por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.*

**Décimo terceira.- Réxime xurídico.**

*O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime*



*local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*O Concello de Tui e a Deputación Provincial de Pontevedra comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio. Con todo, e no caso de aparición de discrepancias que non puideran resolverse a través da Comisión de Seguimento, será competente a Xurisdición Contencioso-Administrativa.*

*E, como proba de conformidade, asinan o presente Convenio, por duplicado exemplar e a un só efecto, na data e lugar sinalados na cabeceira.*

*A presidenta da Deputación,  
María del Carmen Silva Rego*

*O alcalde do Concello,  
Enrique Cabaleiro González*

*O secretario da Deputación,  
Carlos Cuadrado Romay”*



- *A APROBACIÓN deste convenio de colaboración someteuse o ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social.*
- *DARLLE TRASLADO da presente resolución ao concello de Tui, á Intervención, ó Servizo de Cooperación, ó Gabinete da Presidencia”.*

Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social, ditamina favorablemente por unanimidade, cos votos a favor dos deputados do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE (8), do Grupo Provincial do BNG (2), e do Grupo Provincial do Partido Popular (7).

**3.- DITAMINAR A APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO FESTIVAL “OUTONO LÍRICO 2022” ORGANIZADO POLA ASOCIACIÓN DE AMIGOS DA ÓPERA DE VIGO (expediente 2022047732)**

De conformidade co establecido nos artigos 123 a 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, sométese ó Ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social a seguinte proposta de acordo con carácter previo á súa elevación ante o órgano competente para a súa aprobación:

**“ASUNTO: APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO FESTIVAL “OUTONO LÍRICO 2022” ORGANIZADO POLA ASOCIACIÓN DE AMIGOS DA ÓPERA DE VIGO”**

*Do exame do expediente, quedan acreditados os seguintes antecedentes:*

- *No exercicio das súas respectivas competencias e do principio de colaboración, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo elaboraron unha proposta de convenio para o desenvolvemento do festival “Outono Lírico 2022” organizado pola asociación “Amigos de la Ópera de Vigo” que terá lugar na cidade de Vigo nos meses de setembro a novembro de 2022.*
- *O desenvolvemento deste convenio pola Deputación e o Concello de Vigo permite o fomento deste tipo de ofertas culturais, e por extensión da cultura en xeral, a amplos sectores de poboación, os cales non terían acceso a estes eventos culturais polas canles tradicionais de promoción, tanto por custe como por impacto.*
- *O Concello de Vigo presenta o día 12/07/2022 no Rexistro da Deputación (núm. rexistro*



2022017387) a solicitude e demais documentación necesaria para a formalización do convenio.

- En data 14/07/2022 a xefa do Servizo de Cooperación informa sobre o interese público da actuación e, pola súa banda, a Intervención provincial emite informe de fiscalización favorable do expediente o 18/07/2022.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

### **Réxime xurídico**

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC)
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 19/2013, de 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o exercicio 2022

### **Consideracións xurídicas**

#### **Competencia das administracións**

- Artigo 25.2.h) da LRBRL, nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, que atribúe aos concellos competencias en materia de información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local. Pola súa parte, o art. 80.2.n) da LALGA, en concordancia co art. 25.2.m) da LRBRL, indica que os concellos exercerán competencias en materia de promoción da cultura, equipamentos culturais e actividades e instalacións culturais.
- Artigo 31 da LRBRL, que encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica aos concellos.





- *Artigo 109 da LALGA, que atribúe ás deputacións competencias en xeral no fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, de xeito que cabe subsumir nas ditas materias, formas específicas de cooperación económica como a concesión de subvencións recollida no art. 114.c) da LALGA ou, segundo prescribe o art. 118 do mesmo texto, organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.*

#### **Petición e evacuación de informes**

- *Artigos 79 e 80 da LPAC, sobre a petición e a evacuación de informes.*
- *Artigo 88.6 da LRXAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.*
- *Artigo 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.*
- *Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.*
- *Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para 2022, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.*
- *Artigo 24 da LXS, que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.*

#### **Procedencia do convenio**

- *Artigo 47 e ss. da LRXSP, que dispoñen que os convenios de colaboración constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a cooperación en cuestións de interese común.*
- *Artigo 57 da LRBRL, que dispón que a cooperación en servizos locais desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante convenios administrativos, en conexión co artigo 195.h) da LALGA.*
- *Artigo 198 da LALGA, que establece que as entidades locais poderán celebrar convenios de cooperación entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia. No seu apartado 2º dispónse que a través dos convenios de cooperación as partes poderán coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector e distribuír as subvencións outorgadas por unha delas; ademais, o apartado 3º sinala que, en especial, as Deputacións Provinciais poderán subscribir, cos municipios da provincia, convenios para garantir o acceso da poboación ao conxunto dos servizos municipais.*
- *Artigo 199 da LALGA, que, en consonancia co artigo 49 da LRXSP, sinala as especificacións que deberán conter os instrumentos de formalización dos convenios.*
- *Artigo 6 da LCSP, que exclúe do seu ámbito de aplicación os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as entidades xestoras e os servizos comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as*



*entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública delas dependentes e as entidades con personalidade xurídica privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador..*

- *Artigo 2 da LXS, polo que a achega económica da Deputación de Pontevedra ten o carácter dunha subvención. O artigo 22.2 da LXS sinala que se poderán conceder, con carácter excepcional, de forma directa subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.*
- *Artigo 28.1 da LXS, que establece que a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta Lei.*

### **Competencia para resolver**

- *Artigo 8.2 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, que en virtude do establecido na base 16.1 das Bases de execución do orzamento provincial, e de conformidade co disposto nos artigos 34 da LRBRL e 10 da LXS, atribúe a competencia para resolver á Presidencia.*

### **CONCLUSIÓNS**

*En base ás precedentes consideracións, ao interese público, social e cultural que representa esta actuación e ao principio de colaboración interadministrativa que se recolle na lexislación vixente, a Deputación e o Concello de Vigo conveñen a súa colaboración neste ámbito para o desenvolvemento do festival “Outono Lírico 2022” organizado pola asociación “Amigos de la Ópera de Vigo”.*

*O Concello de Vigo presentou a documentación necesaria para formalizar este convenio e quedan acreditadas no expediente as razóns de oportunidade, a valoración económica das actuacións a desenvolver e o propio obxecto do convenio.*

*Por todo o exposto, e tendo en conta os antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, INFORMO FAVORABLEMENTE a tramitación do convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Vigo para o desenvolvemento do festival “Outono Lírico 2022” organizado pola asociación “Amigos de la Ópera de Vigo”.*

### **RÉXIME COMPETENCIAL:**

*De conformidade co disposto no artigo 16.4 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, en virtude do establecido na base 16ª.1 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Presidencia.*

*Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente, co seu superior criterio, decidirá.*

*A vista do anterior, elévase á Presidencia a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:*

- **APROBAR o “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO FESTIVAL “OUTONO LÍRICO 2022” ORGANIZADO**



*POLA ASOCIACIÓN “AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO”, cuxo texto literalmente transcrito di como segue:*

**“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO FESTIVAL “OUTONO LÍRICO 2022” ORGANIZADO POLA ASOCIACIÓN DE AMIGOS DA ÓPERA DE VIGO**

*En Vigo, na data da sinatura electrónica*

**INTERVEÑEN**

*Dunha parte, Dona María del Carmen Silva Rego, presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, na representación legal que da mesma lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 105 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.*

*Doutra, D. Abel Fermín Losada Álvarez, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura e Emprego do Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo Decretos de delegación de Alcaldía de 18 e 26 de xuño de 2019 e 17 de agosto de 2020 e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro do 2020 polo que se aproba o texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros delegados da Área; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo no decreto de delegación de competencias de data 17 de agosto do 2020.*

*E actuando Dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria da Administración Municipal do Concello de Vigo (resolución de delegación do 27.02.2020), e Don Carlos Cuadrado Romay en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, dando fe do acto que ten lugar.*

*Recoñécense mutuamente os comparecentes a capacidade e a representación necesaria para a sinatura do presente convenio de colaboración e, a estes efectos,*

**EXPOÑEN**

*I.- Que a promoción da cultura e equipamentos culturais se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.*



*Pola súa banda a lexislación vixente en materia de réxime local, concretamente no artigo 31 da Lei 7/1985, encomenda ás Deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de conformidade coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. Así mesmo, o artigo 118 da LALGA atribúe as Deputacións Provinciais rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos, cuxo obxecto sexa o fomento dos mesmos e, en especial, organización de concursos e exposicións ou de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.*

*II.- Que a Deputación Provincial de Pontevedra, nos orzamentos do ano 2022, contempla unha aplicación orzamentaria, no capítulo de transferencias correntes, para convenios co Concello de Vigo.*

*III.- Que a asociación "AMIGOS DE LA ÓPERA DE VIGO", organizadora do evento cultural "Outono Lírico 2022" é unha entidade sen ánimo de lucro, que se dedica a fomentar o coñecemento e a difusión da mellor ópera entre a sociedade viguesa, mediante a programación de concertos e outras actividades, a fin de promover a afección á música como actividade tanto cultural coma social.*

*Neste sentido, o segmento ao que se dirixe esta oferta, non resulta accesible para as canles tradicionais de promoción, tanto polo custe como polo impacto.*

*IV.- Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento da colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra que ten como un dos seus obxectivos estratéxicos o apoio ás iniciativas de fomento de actividades culturais, acordan aprobar o presente convenio de colaboración, que asinan os intervenientes, con arranxo aos seguintes*

## **PACTOS**

### **PRIMEIRO.- OBXECTO DO CONVENIO**

*É obxecto deste convenio establecer e concretar o réxime de colaboración entre ambas administracións locais para o financiamento da organización do "Outono Lírico 2022", que ten lugar entre os meses de setembro a novembro do 2022 na cidade de Vigo.*



## **SEGUNDO.- FINANCIAMENTO DO CONVENIO**

*O importe ao que se refire o presente convenio atende ás necesidades de desenvolvemento do citado evento cultural, que conta cun orzamento total de CIENTO TRINTA E SEIS MIL SETECENTOS NOVENTA EUROS CON SETENTA E SEIS CÉNTIMOS (136.790,76 €).*

*As actuacións ás que se refire o presente convenio serán financiadas pola Deputación Provincial, que se obriga a sufragar o seu custe ata a cantidade máxima de VINTE MIL EUROS (20.000,00 euros) IVE engadido, consonte a seguinte distribución:*

	<b>Anualidade</b>	<b>Total</b>
<i>Deputación de Pontevedra</i>	<i>2022</i>	<i>20.000,00 €</i>

*O pago da anualidade do 2022 realizarase contra a aplicación 22/942.9420.462.14 do orzamento provincial (Concellos-Investmentos en Convenios (Vigo e Pontevedra)).*

*No caso de que a actuación teña un custo inferior ao inicialmente previsto, e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade da actuación, o financiamento reducirase proporcionalmente.*

## **TERCEIRO.- EXECUCIÓN DO CONVENIO**

*1º.- A execución do presente convenio e o seu financiamento pola Deputación Provincial terá lugar coa desagregación que se establece na cláusula segunda deste Convenio de colaboración.*

*2º.- O Concello de Vigo redactará unha proposta de subvención á “Asociación de Amigos de la Ópera”, CIF G 36622116 para coadxuvar ao financiamento do festival “Outono Lírico 2022” que se desenvolve entre os meses de setembro a novembro de 2022 na cidade de Vigo.*

*O Concello de Vigo remitirá unha copia do dito acordo á Deputación Provincial.*

*3º.- A Administración municipal remitirá á provincial a xustificación das actuacións recollidas no convenio de colaboración.*

*4º.- A Deputación Provincial someterá o texto da proposta de subvención do Concello de Vigo á “Asociación de Amigos de la Ópera” á supervisión e comprobación dos seus servizos técnicos, e se o estima oportuno, poderaos someter á aprobación do órgano de goberno que corresponda, coa finalidade de autorizar as actuacións previstas nos mesmos.*



5º.- A Deputación Provincial poderá inspeccionar as actuacións obxecto do presente convenio cando o teña por conveniente, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e ao responsable do contrato a emisión das ordes e instrucións que procedan.

6º.- En todo caso, a achega ao Concello de Vigo farase efectiva mediante transferencia bancaria, que será librada contra a presentación das correspondentes das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, así como da restante documentación xustificativa necesaria e logo da súa fiscalización pola Intervención provincial, e na parte proporcional do financiamento. Esta xustificación deberá realizarse no prazo máximo de tres meses dende o fin das actuacións. Asemade, as actuacións estarán sometidas á comprobación explícita da execución das prestacións por parte dos servizos técnicos da Deputación Provincial. Para a súa percepción será preciso presentar a seguinte documentación:

- Copia do acordo de aprobación da Xunta de Goberno Local da proposta de subvención do Concello de Vigo á “Asociación de Amigos de la Ópera”, CIF G36622116 para a organización do Outono Lírico;
- Memoria explicativa e detallada das actividades realizadas relacionadas cos gastos da actividade subvencionada, con mención dos resultados obtidos e identificación do asinante;
- Informe favorable de pagamento da xustificación do convenio asinado polo responsable do servizo competente do Concello;
- Facturas, ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, aprobadas polo órgano competente do Concello;
- Conta xustificativa que relacione os gastos da actividade subvencionada;
- Memoria de gastos e ingresos relacionados coa actividade;
- Certificación do pagamento a favor de “Asociación de Amigos da Opera” asinada polo Tesoureiro do Concello de Vigo;
- Acreditación da difusión dada á colaboración da Deputación no financiamento da actividade;
- Declaración responsable de que os ingresos e gastos que figuran na conta xustificativa se destinaron á actividade obxecto do convenio, dos ingresos obtidos e de que as subvencións ou axudas obtidas non superan o custe da actividade;
- Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta



*xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.*

#### **CUARTO.- COMPROMISOS DO CONCELLO**

*O Concello de Vigo obrígase a:*

- *Financiar a realización do evento, achegando a cantidade correspondente, de conformidade no disposto na cláusula segunda, que será librada contra a presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado.*
- *Redactar unha proposta de subvención do concello de Vigo á “Asociación de Amigos de la Ópera”, CIF G 36622116 para coadxuvar ao financiamento do "Festival Outono Lírico" que ten lugar na cidade de Vigo no meses de setembro a novembro do 2022.*
- *Aprobar o texto da proposta de subvención á “Asociación de Amigos de la Ópera” pola Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 127.1.g) Lei 7/1985, e remitir un exemplar do acordo á Deputación Provincial.*
- *Obter os correspondentes permisos e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.*
- *Xustificar perante a Deputación as actuacións ás que se refiren as prestacións executadas mediante a presentación da documentación acreditativa dos gastos.*
- *Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.*
- *Comunicar á Deputación, de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.*
- *Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ó Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.*
- *Asemade, o Concello de Vigo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.*

#### **QUINTO.- COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN**

*A Deputación de Pontevedra comprométese a:*



- *Financiar os custes derivados do convenio, ata a cantidade máxima de VINTE MIL EUROS euros (20.000,00 €), IVE incluído, de conformidade co disposto no pacto segundo, que será librada contra a presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, na parte proporcional do financiamento.*
- *Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e da Resolución Presidencial número 2017008767 de 8 de maio de 2017, tratándose asemade dun convenio cuxas achegas económicas non exceden de 600.000 euros.*

#### **SEXTO.- PUBLICIDADE**

*A acción obxecto de subvención deberá garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo.*

*Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración, do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír ós principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.*

#### **SÉTIMO.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCÍONS**

*Conforme o disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.*





*Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo total da actividade subvencionada.*

#### **OITAVO.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

*Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.*

*Corresponderá á Comisión de Seguimento, entre outras funcións:*

- A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución do convenio a que este convenio se refire.*
- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio propoñendo as actuacións que se consideren precisas.*
- Propoñer a interpretación, no caso de dúbida, do seu contido.*
- Se xorden controversias na aplicación do convenio propoñerlles ás partes a súa resolución.*
- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.*

*A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na Casa do Concello de Vigo. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ao seu responsable e ao seu secretario que levantará acta das súas reunións.*

#### **NOVENO.- VIXENCIA**

*O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución das actividades ás que o mesmo se refire, que en todo caso non excederá do 31/12/2022, estendéndose o seu prazo de xustificación, como máximo, ata o 31/03/2023.*

#### **DÉCIMO.- EXTINCIÓN DO CONVENIO**

*O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.*

*Serán causas de resolución:*



1º.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.

2º.- O acordo unánime dos asinantes.

3º.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificárase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinala, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e perdas causados.

4º.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

5º.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

#### **DÉCIMO PRIMEIRO.- RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN**

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; polas Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, a falta de entendemento previo pola Comisión de seguimento e control as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.

E, en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio por duplicado e a un só efecto no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

O concelleiro delegado da Área de Cultura  
e Emprego

Asdo.: Abel Fermín Losada Álvarez

A Presidenta da Deputación de  
Pontevedra

Asdo.: M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego



*Secretaría da Administración Municipal do  
Concello de Vigo*

*Asdo: Susana Gallardo Fariña*

*O Secretario Xeral da Deputación de  
Pontevedra,*

*Asdo.: Carlos Cuadrado Romay*

- *DARLLE TRASLADO da presente resolución ao Concello de Vigo, á Intervención, ao Servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia e ao Gabinete de Prensa.*

*Pontevedra, na data da sinatura electrónica  
A xefa do Servizo de Cooperación  
Marina Piñeiro Novo”*

*Vista a precedente proposta de resolución, RESOLVO, de conformidade coa mesma.*

*Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao desta notificación (arts. 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra segundo o disposto no art. 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, e todo iso no prazo establecido no art. 46 da citada Lei.*

*Todo isto sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime pertinente. ”*

Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social, ditamina favorablemente por unanimidade, cos votos a favor dos deputados do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE (8), do Grupo Provincial do BNG (2), e do Grupo Provincial do Partido Popular (7), a proposta de resolución indicada “ut supra”.

**4.- DITAMINAR A APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMULADO PRESENTADO POLO CONCELLO DE BAIONA DA ACTUACIÓN “REMODELACIÓN DA CONTORNA DO PASEO PINZÓN”, AO ABEIRO DO PROGRAMA REACPON (REACCIONA PONTEVEDRA PROVINCIA) (expediente 2021040013)**

Sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social a seguinte proposta de acordo, de conformidade co establecido nos artigos 123 a 126 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, con carácter previo á súa elevación ante o Pleno para a súa aprobación:

**“ASUNTO: APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMULADO PRESENTADO POLO CONCELLO DE BAIONA DA ACTUACIÓN “REMODELACIÓN DA CONTORNA DO**



## **PASEO PINZÓN”, AO ABEIRO DO PROGRAMA REACPON (REACCIONA PONTEVEDRA PROVINCIA) (EXPTE. 2021040013)**

### **ANTECEDENTES**

- O Pleno da Corporación Provincial, mediante o acordo núm. 4.7719 adoptado na sesión extraordinaria do 17/12/2021, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva ao Concello de BAIONA con destino á execución da actuación denominada “REMODELACIÓN DA CONTORNA DO PASEO PINZÓN”, segundo o proxecto redactado no mes de xullo de 2021 e emendado no mes de setembro de 2021, para dar cumprimento ao establecido no requirimento de emenda feito polo Servizo de Cooperación da Deputación, ao abeiro do Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia) (expte. 2021025615).
- O orzamento do investimento ascendía a 1.744.006,88€ e a subvención concedida a 837.119,63€, completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 906.887,25€.
- De acordo co previsto na base reguladora 7ª.2.h) do Programa, mediante a resolución presidencial núm. 2022000139 de 13/01/2022 aprobouse o correspondente convenio de colaboración co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o día 14/01/2022.
- Na data 14/07/2022 o concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2022040066) a resolución de autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia (Servizo de Coordinación Cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades) para a “remodelación da contorna do paseo Pinzón”, non obstante coas condicións indicadas na propia resolución.
- Na data 14/07/2022 o concello presenta no Rexistro da Deputación (núms. rexistro WEB2022040066 e WEB2022040072) un proxecto reformulado do proxecto inicial, para adaptalo as condicións indicadas na referida resolución de autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, que mantén invariable o orzamento inicial.
- Na data 14/07/2022 o concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2022040066) a certificación do acordo do Pleno de aprobación do Proxecto reformulado.
- Examinado o proxecto pola Comisión de persoas expertas do Programa ReacPon na data 14/07/2022, acórdase que procede dar conformidade ao proxecto presentado, tendo en conta que os cambios introducidos non afectan aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria do Programa reitor e, polo tanto, as puntuación obtidas non se modifican, manténdose invariables a contías das subvencións concedidas.
- Na data 19/07/2022 a Intervención provincial emitiu informe de fiscalización favorable do expediente.
- Sométese, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación cos Municipios, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social.



## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL)
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas locais (TRLRFL)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDEPO)
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o exercicio 2022
- Bases reguladoras e convocatoria do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a Recuperación post-Covid-19 – Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia)

### Consideracións xurídicas

#### **Instrución do expediente**

- Base reguladora 7ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación.

#### **Petición e evacuación de informes**

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.



### **Resolución do expediente**

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da Ordenanza Xeral, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.
- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Disposición Xeral 17ª das Bases Reguladoras do Programa ReacPon, segundo a cal, se xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Tras a aprobación polo concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.

### **Competencia para resolver**

- A competencia lle corresponde ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o ano 2022, en virtude do artigo 33 da LRBRL, 185 do TRLRFL, 117 e concordantes do TRRL, 61 do ROFRXEL, e da Disposición Adicional 2ª da LCSP.
- Artigo 8.2 da OXSDEPO, que de conformidade co disposto no artigo 33 da LRBRL, artigo 10 da LXS e base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o ano 2022, atribúe a competencia para resolver ao Pleno.

### **CONCLUSIÓNS**

O proxecto reformulado presentado polo concello (aprobado polo Pleno da corporación municipal de data 08 de xullo de 2022), redactado no mes de xullo de 2022, non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorga a axuda económica da Deputación.



O orzamento do novo proxecto correspóndese co orzamento do proxecto inicial, manténdose invariable o importe da subvención concedida.

A Comisión de persoas expertas acorda dar conformidade ao proxecto presentado, tendo en conta que os cambios introducidos non modifican o orzamento de licitación, manténdose os criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria e, polo tanto, a puntuación obtida non se modifica

O proxecto preséntase antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Programa ReacPon e co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación, que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito sinalados, a acta da sesión da Comisión de persoas expertas de 14/07/2022 (CSV: CF03VDIZD7ZVVIMQ), o informe da xefa do Servizo de Cooperación de 18/07/2022 (CSV: NWBJOI46WSZ0GV57), e o informe de Intervención de 19/07/2022 (CSV: MWXJI9BGWO7CKHK0), sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

- APROBACIÓN do proxecto reformulado presentado polo Concello de Baiona da actuación “Remodelación da contorna do Paseo Pinzón”, ao abeiro do Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).
- DARLLE TRASLADO do presente acordo ao Concello de Baiona, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.”

Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social, ditamina favorablemente por unanimidade, cos votos a favor dos/as deputados/as do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE (8), do Grupo Provincial do BNG (2), e do Grupo Provincial do Partido Popular (7).

**5.- DITAMINAR A APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMULADO PRESENTADO POLO CONCELLO DE MEAÑO DA ACTUACIÓN “MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA E ACONDICIONAMENTO DE PAVILLÓN DE DEPORTES DE MEAÑO”, AO ABEIRO DO PROGRAMA REACPON (REACCIONA PONTEVEDRA PROVINCIA) (expediente 2021040005)**

Sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social a seguinte proposta de acordo, de conformidade co establecido nos artigos 123 a 126 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, con carácter previo á súa elevación ante o Pleno para a súa aprobación:



**“ASUNTO: APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMULADO PRESENTADO POLO CONCELLO DE MEAÑO DA ACTUACIÓN “MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA E ACONDICIONAMENTO DE PAVILLÓN DE DEPORTES DE MEAÑO”, AO ABEIRO DO PROGRAMA REACPON (REACCIONA PONTEVEDRA PROVINCIA) (EXPTE. 2021040005)**

## **ANTECEDENTES**

- O Pleno da Corporación Provincial, mediante o acordo núm. 4.7719 adoptado na sesión extraordinaria do 17/12/2021, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva ao Concello de MEAÑO con destino á execución da actuación denominada “MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA E ACONDICIONAMENTO DO PAVILLÓN DE DEPORTES DE MEAÑO”, segundo o proxecto redactado no mes de xullo de 2021 e emendado no mes de setembro de 2021, para dar cumprimento ao establecido no requirimento de emenda feito polo Servizo de Cooperación da Deputación, ao abeiro do Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia) (expte. 2021025615).
- O orzamento do investimento ascendía a 450.400,72€ e a subvención concedida a 360.320,58€, completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 90.080,14€.
- De acordo co previsto na base reguladora 7ª.2.h) do Programa, mediante a resolución presidencial núm. 2022000335 de 20/01/2022 aprobouse o correspondente convenio de colaboración co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o día 31/01/2022.
- Na data 11/02/2022, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, o concello solicita unha subvención por importe de 90.080,14€ con destino ao financiamento da achega municipal ao Programa REACPON para a execución da actuación denominada “MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA E ACONDICIONAMENTO DO PAVILLÓN DE DEPORTES DE MEAÑO”, subvención que foi concedida mediante acordo 8.31424 adoptado na sesión ordinaria da Xunta de Goberno de data 11/03/2022.
- Na data 12/07/2022 o concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2022039727) un proxecto reformulado do proxecto inicial (emendado o 14/07/2022 (Rexistro WEB2022040036), no que o orzamento aumenta en 53.398,18€ (11,86%), ata o importe de 503.798,90€, “xustificando os axustes na subida xeralizada dos prezos dos materiais de construción, adecuando o proxecto á realidade do mercado e facer posible e viable a execución da obra, así como favorecer a concorrencia das diferentes empresas ao proceso de licitación”. Na mesma data (núm. Rexistro WEB2022040036), o concello tamén presenta unha certificación do acordo do Pleno da corporación municipal, de aprobación do proxecto reformulado e do compromiso do concello de asumir a financiación do incremento do orzamento, que ascende a 53.398,18€ .
- Examinado o proxecto pola Comisión de persoas expertas do Programa REACPON na data 14 de xullo de 2022, acórdase que procede dar conformidade ao proxecto presentado, tendo en conta que o cambio límitase ao incremento do orzamento, xustificando na subida xeralizada dos prezos dos materiais de construción, sen verse





alterados os aspectos técnicos, nin os obxectivos propostos da Axenda 2030, nin as políticas panca afectadas, nin a eficiencia enerxética do edificio, polo tanto, a puntuación obtida no proceso de baremación non se modifica. Non varía o importe da subvención concedida.

- Na data 18/07/2022 a Intervención provincial emite informe de fiscalización favorable do expediente.
- Sométese, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación cos Municipios, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

### **Réxime xurídico**

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL)
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas locais (TRLRFL)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEPO)
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o exercicio 2022
- Bases reguladoras e convocatoria do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a Recuperación post-Covid-19 – Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia)

### **Consideracións xurídicas**

#### **Instrución do expediente**

- Base reguladora 7ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento



correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación.

#### **Petición e evacuación de informes**

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

#### **Resolución do expediente**

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da Ordenanza Xeral, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.
- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Disposición Xeral 17ª das Bases Reguladoras do Programa ReacPon, segundo a cal, se xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Tras a aprobación polo concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención. Segundo a dita Disposición, a revisión de prezos, cando supoña un incremento dos custos, correrá a cargo do concello.



### Competencia para resolver

- A competencia lle corresponde ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o ano 2022, en virtude do artigo 33 da LRBRL, 185 do TRLRFL, 117 e concordantes do TRRL, e 61 do ROFRXEL, e da Disposición Adicional 2ª da LCSP.
- Artigo 8.2 da OXSDEPO, que de conformidade co disposto no artigo 33 da LRBRL, artigo 10 da LXS e base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o ano 2022, atribúe a competencia para resolver ao Pleno.

### CONCLUSIÓNS

O proxecto reformulado presentado polo concello (aprobado polo Pleno da corporación municipal de data 07 de xullo de 2022), redactado no mes de xuño de 2022, non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorga a axuda económica da Deputación.

O concello asume o compromiso de financiamento do aumento do orzamento do investimento (53.398,18€), manténdose invariable o importe da subvención concedida inicialmente, conforme ao seguinte detalle:

Subvención Inicial		Subvención Definitiva	
Importe orzamento:	450.400,72€	Importe orzamento:	503.798,90€
Importe Subvención:	360.320,58€	Importe Subvención:	360.320,58€
Importe Cofinanciado (Plan Concellos 2022/23, liña 1):	90.080,14€	Importe Cofinanciado (Plan Concellos 2022/23, liña 1):	90.080,14€
		Importe Cofinanciado (concello)	53.398,18€
% Subvención Reacpon /orzamento:	80,00%	% Subvención Reacpon /orzamento:	71,52%

A Comisión de persoas expertas acorda dar conformidade ao proxecto presentado tendo en conta que o cambio límitase ao incremento do orzamento, sen verse alterados os aspectos técnicos, nin os obxectivos propostos da Axenda 2030, nin as políticas panca afectadas, nin a eficiencia enerxética do inmovible, polo tanto, a puntuación obtida no proceso de baremación non se modifica. Non varía o importe da subvención concedida.

O proxecto preséntase antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Programa ReacPon e co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación, que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.



Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito sinalados, a acta da sesión da Comisión de persoas expertas de 14/07/2022 (CSV: CF03VDIZD7ZVVIMQ), o informe da xefa do Servizo de Cooperación de 18/07/2022 (CSV: HZMSFWWJWY0GYCF6), e o informe de Intervención de 18/07/2022 (CSV: VVKJ07LBJJQTD9E), sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

- APROBACIÓN do proxecto reformulado presentado polo Concello de Meaño da actuación “MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA E ACONDICIONAMENTO DE PAVILLÓN DE DEPORTES DE MEAÑO”, ao abeiro do Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia),
- DARLLE TRASLADO do presente acordo ao Concello de Meaño, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.”

Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social, ditamina favorablemente por unanimidade, cos votos a favor dos/as deputados/as do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE (8), do Grupo Provincial do BNG (2), e do Grupo Provincial do Partido Popular (7).

**6.- DITAMINAR A APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO PRESENTADO POLO CONCELLO DO ROSAL DA ACTUACIÓN “REMODELACIÓN DA PRAZA DO CALVARIO”, AO ABEIRO DO PROGRAMA REACPON (REACCIONA PONTEVEDRA PROVINCIA) (expediente 2021039566)**

Sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social a seguinte proposta de acordo, de conformidade co establecido nos artigos 123 a 126 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, con carácter previo á súa elevación ante o Pleno para a súa aprobación:

**“ASUNTO: APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO PRESENTADO POLO CONCELLO DO ROSAL DA ACTUACIÓN “REMODELACIÓN PRAZA DO CALVARIO”, AO ABEIRO DO PROGRAMA REACPON (REACCIONA PONTEVEDRA PROVINCIA) (EXPTE. 2021039566)**

**ANTECEDENTES**

O Pleno da Corporación Provincial, mediante o acordo núm. 4.7719 adoptado na sesión extraordinaria do 17/12/2021, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva ao Concello do Rosal con destino á execución da actuación denominada “Remodelación da Praza do Calvario”, segundo o proxecto redactado no mes de xullo de 2021 ao abeiro do Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra



- Provincia) (expte. 2021025615).
- O orzamento do investimento ascende a 1.518.474,44€ e a subvención concedida a 517.938,05€, completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 1.000.536,39€.
  - De acordo co previsto na base reguladora 7ª.2.h) do Programa, mediante a resolución presidencial núm. RP2022000592 de 28/01/2022 aprobouse o correspondente convenio de colaboración co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o día 04/02/2022. Na súa cláusula 6ª recóllese que, de xurdir a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Tras a aprobación polo concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.
  - En data 25/11/2021 o Concello adxudica a realización do investimento por importe de 1.242.415,78 € (IVE incluído), cun orzamento de licitación de 1.518.474,44 €, do que resulta unha porcentaxe de adxudicación de 81,82% e unha baixa de 276.058,66 € (18,18%), formalizándose o contrato administrativo o 22/12/2021.
  - Na data 14/07/2022 o concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2022040087) o proxecto modificado pola necesidade de dar resposta aos imprevistos xurdidos durante a execución da obra, debidos ás esixencias da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade do cambio do emprazamento do cruceiro existente e de cambios de pavimento nas zonas de acceso vial. O orzamento do novo proxecto ascende a 1.717.058,12€, o que supón un incremento de 198.583,68€, resultando un 13,08% sobre o orzamento inicial.
  - Na data 14/07/2022 o concello tamén presenta no rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2022040087) o certificado do acordo de aprobación do proxecto modificado (emendado na data 15/07/2022. núm. rexistro WEB2022040223).
  - Na data 14/07/2022, os Servizos Técnicos de Cooperación emiten informe de supervisión do proxecto modificado.
  - Examinado o proxecto pola Comisión de persoas expertas do Programa ReacPon na data 14/07/2022, acórdase que procede dar conformidade ao proxecto presentado, tendo en conta que os cambios dan resposta aos imprevistos xurdidos durante a execución e son debidos ás esixencias da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Non se modifica a superficie da zona de usos peonís, nin cambian os aspectos técnicos, o grao de madurez, os obxectivos propostos da Axenda 2030, as políticas panca afectadas nin os principios Ágora que o proxecto promove, manténdose os criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria e, polo tanto, a puntuación obtida non se modifica. Estes cambios modifican o orzamento de adxudicación nun 13,078%.
  - Na data 19/07/2022, a Intervención provincial emite informe de fiscalización favorable do expediente.



- Sométese, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación cos Municipios, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

### **Réxime xurídico**

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG)
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL)
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da lei reguladora das Facendas locais (TRLRFL)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEPO)
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio
- Bases reguladoras do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a Recuperación post-Covid-19 – Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia)

## **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

### **Instrución do expediente**

- Base reguladora 7ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación.

### **Petición e evacuación de informes**

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a



fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

### **Resolución do expediente**

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da Ordenanza Xeral, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.
- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Cláusula 6ª do Convenio, pola que, se durante a execución da obra xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente dita modificación, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Tras a aprobación do concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención. As modificacións financiaranse co importe das baixas que se produzan no proceso de adxudicación dos contratos.

### **Competencia para resolver**

- A competencia lle corresponde ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o ano 2022, en virtude do artigo 33 da LRBRL, 185 do TRLRFL, 117 e concordantes do TRRL, 61 do ROFRXEL, e da Disposición Adicional 2ª da LCSP.

### **CONCLUSIONES**

Visto que a modificación do proxecto técnico das obras do investimento ao abeiro do “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DO ROSAL PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DENOMINADA “REMODELACIÓN DA PRAZA DO CALVARIO”, NO MARCO DO PROGRAMA



PROVINCIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS SINGULARES PARA A RECUPERACIÓN POST-COVID-19. PROGRAMA REACPON” (Expte.: 2021039566) non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorga a axuda económica da Deputación.

Visto que o Concello tramitou o oportuno expediente motivado pola necesidade de engadir as variacións estritamente indispensables e necesarias para levar a bo fin a execución do investimento, debidas ás esixencias da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade do cambio do emprazamento do cruceiro existente e de cambios de pavimento nas zonas de acceso vial.

Visto que queda acreditado no expediente que a modificación non ten carácter substancial. O proxecto modificado incrementa o orzamento de execución en 198.583,68 €, tendo en conta que existe unha baixa na adxudicación por importe de 276.058,66 € (18,18%), ao aplicar a porcentaxe de adxudicación ao incremento, resulta un importe de 162.481,17 €. que pode financiarse integramente contra dita baixa.

Visto que o modificado se presenta antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no PROGRAMA REACPON e que co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación, que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.

Visto o informe de supervisión do proxecto modificado dos Servizos Técnicos de Cooperación de data 14/07/2022 e visto que a Comisión de persoas expertas do Programa ReacPon, reunida na mesma data, da conformidade ao proxecto presentado, poñendo de manifesto que se manteñen os criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria e, polo tanto, a puntuación obtida non se modifica.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito sinalados, a acta da sesión da Comisión de persoas expertas de 14/07/2022 (CSV: CF03VDIZD7ZVVIMQ), o informe da xefa do Servizo de Cooperación de 18/07/2022 (CSV: X4RUL4JLLZ1VLWY8), e o informe de Intervención de 19/07/2022 (CSV: 0JJUACMS30CCFKVH), sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

- APROBACIÓN do proxecto modificado presentado polo Concello do Rosal da actuación “REMODELACIÓN DA PRAZA DO CALVARIO”, ao abeiro do Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).
- DARLLE TRASLADO do presente acordo ao Concello do Rosal, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.”

Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social, ditamina favorablemente por unanimidade,





cos votos a favor dos/as deputados/as do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE (8), do Grupo Provincial do BNG (2), e do Grupo Provincial do Partido Popular (7).

## **7.- ROGOS E PREGUNTAS**

Toma a palabra o Deputado do Partido Popular D. Jorge Cubela López quen roga se amplíe o prazo de execución dos investimentos obxecto do programa REACPON que remata o 30 de abril de 2023, debido á situación actual de costes de prezos, compartida en varios concellos pola necesidade de modificar os proxectos do REACPON.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por finalizada a reunión, sendo as doce horas e dez minutos, do que, como secretaria, dou fe.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

A Secretaria da Comisión,  
*(documento asinado electronicamente)*  
Marina Piñeiro Novo

